

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

Estrutúrase en cinco bloques: no primeiro abórdase o principal problema, o orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando no segundo bloque coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos; nun terceiro bloque descríbese o comportamento da macroeconomía; no cuarto bloque explicanse as políticas económicas e a intervención do estado; o seguinte bloque ("os retos da economía española") céntrase na globalización, no futuro da economía e a sustentabilidade da mesma.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	TEMA 1 PRINCIPIOS DE ECONOMÍA	A economía é a ciencia que estuda cómo administrar uns recursos que son escasos para satisfacer a maior cantidade de necesidades da sociedade.	8	16	X		
2	TEMA 2 AS DECISIÓNS ECONÓMICAS	No tema un vimos que as peroas tiñan unha serie de recursos escasos (diñeiro e tempo) para satisfacer as necesidades. Pero cando as persoas empezan a vivir en sociedade, os recursos cos que contaban	8	17	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	TEMA 2 AS DECISIÓNS ECONÓMICAS	deben organizarse formando un sistema económico.	8	17	X		
3	TEMA 3 O MERCADO	O mercado é un lugar físico ou virtual no que os compradores e vendedores intercambian un ben ou servizo mediante un pago. Podemos falar do mercado da vivenda, do café, das verduras, da gasolina. Porque en todos eles intercambiase ese ben en concreto a cambio dun pago.	18	23	X		
4	TEMA 4: MERCADO LABORAL	Acabas de estudar e decides incorporarte ao mercado laboral, nese momento pasas a formar parte da poboación activa. Tes sorte, e moi pronto contratante, para que, ao ter un traballo, pases a formar parte da poboación ocupada. Moitos dos teus compañeiros non teñen tanta sorte, e aínda que tamén se incorporaron ao mercado laboral (están en activo e buscan traballo), non atopan posto, formando así parte da poboación desempregada. Outros deciden seguir estudando, polo que ao non querer traballar son considerados parte da poboación inactiva (nin traballo nin queren traballar).	9	15		X	
5	TEMA 5: MACROECONOMÍA	Ata agora centrámonos na forma en que familias e empresas se relacionan entre si a través de distintos tipos de mercados. Lembra que as decisións económicas das familias, das empresas e dos mercados foron o campo de estudo de microeconómica. Pero para coñecer como funciona a economía no seu conxunto hai que estudar problemas económicos desde unha perspectiva máis ampla que o comportamento das familias e empresas: macroeconomía.	8	11		X	
6	TEMA 6 SISTEMA FINANCIERO	O sistema financeiro é o conxunto de intermediarios, mercados e activos financeiros que levan o aforro dos aforradores aos debedores para que estes poden desenvolver as súas actividades.	8	11		X	
7	TEMA 7: COMERCIO INTERNACIONAL	O comercio internacional consiste na compravenda de bens e servizos entre distintos países. Así, cando un país vendelle algo a outro dicimos que hai exportación, e cando compra ao estranxeiro falaremos de importación.	8	11		X	
8	TEMA 8: A POLÍTICA FISCAL	Unha política fiscal é o conxunto de medidas do Estado en materia de gasto público, ou transferencias e impostos para	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	TEMA 8: A POLÍTICA FISCAL	influnciar no gasto da economía (demanda agregados) e acadar os distintos obxectivos macroeconómicos: crecemento, emprego, estabilidade de prezos, saldo orzamentario e saldo exterior	8	11			X
9	TEMA 9 LA POLÍCIA MONETARIA	A política monetaria é o conxunto de medidas adoptadas polo BCE para controlar a cantidade de diñeiro en circulación e os tipos de interese, e así incidir na demanda agregada para acadar os distintos obxectivos macroeconómicos (crecemento, emprego, estabilidade de prezos, saldo orzamentario).	8	12			X
10	TEMA 10 OS RETOS DA ECONOMÍA ACTUAL	Se algún día viaxas polo sueste asiático, sorprenderás o moito que hai as grandes cidades que se parecen ás europeas. Cadeas de comida rápida por todas partes, música de Enrique Iglesias nos bares, estilos de roupa moi similares, mesmas películas nos cines. Non cabe dúbida de que vivimos nun mundo cada vez máis globalizado.	17	13			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	TEMA 1 PRINCIPIOS DE ECONOMÍA	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Comprender o concepto de escaseza	PE	100
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Identificar os axentes económicos		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	identificar os fluxos correspondentes		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Coñecer a realidade económica		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Coñecer as formas que ten o Estado para intervir		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.</li> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	TEMA 2 AS DECISIONS ECONÓMICAS	17

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Coñecer os sistemas económicos		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Impacto dos sistemas na sociedade	PE	100
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Coñecer o término fallo de mercado		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Coñecer as principais relacións do fluxo circular da renda		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.

UD	Título da UD	Duración
3	TEMA 3 O MERCADO	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer as distintas decisións económicas vinculadas coa sociedade	PE	100
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Coñecer os diferentes tipos de fallos de mercado		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Coñecer os elementos da oferta e demanda		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analizar las consecuencias dos fallos de mercado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
4	TEMA 4: MERCADO LABORAL	15



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Coñecer os implicados esenciais do mercado laboral.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
5	TEMA 5: MACROECONOMÍA	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Coñecer os recursos que precisan os diferentes axentes da economía	PE	100
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer o método de medición do benestar		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Coñecer os principais indicadores económicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
6	TEMA 6 SISTEMA FINANCIERO	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender o funcionamento do sistema financeiro	PE	100
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer os elementos esenciais do sistema financeiro		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer a evolución do sistema financeiro		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Coñecer os elementos esenciais das decisivos financeiras		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer a evolución do sistema financeiro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	TEMA 7: COMERCIO INTERNACIONAL	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Saber identificar desafíos dunha economía global	PE	100
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender as bases do comercio internacional		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Comprender as consecuencias das relacións internacionais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	TEMA 8: A POLÍTICA FISCAL	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Comprender a escaseza de recursos a nivel sociedade	PE	100
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Comprender os custos derivados dos axentes económicos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer vocabulario básico ligado a macroeconomía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	TEMA 9 LA POLÍCIA MONETARIA	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer os elementos esenciais da política monetaria	PE	100
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Coñecer alternativas a problemas socioeconómicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	TEMA 10 OS RETOS DA ECONOMÍA ACTUAL	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Identificar qué é a globalización	PE	100
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Comprender as consecuencias dos fluxos migratorios		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Coñecer distintos impactos fruto de políticas económicas		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Coñecer as diferencias de economías actuáis o longo do mundo		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Coñecer a implicación dos axentes económicos		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Coñecer os principais obxetivos do Estado		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Desenvolver un espírito crítico en relación as actuáis economías		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber propor solucións os actuais problemas económicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.</li> </ul>

## Contidos

- Teorías sobre o decrecemento económico.
- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O modelo de aprendizaxe, tratarase que sexa mixto, conxugarase a necesaria transmisión de coñecementos con un método o máis activo posible que permita ós alumnos/as ser participativos tanto no ámbito individual como colectivo, xa que as persoas aprenden de modo significativo cando constrúen de forma activa os seus propios coñecementos. Noutras palabras, intercalarase a explicación do profesor co comentario activo e colectivo das alumnas e alumnos na aula, e coa realización de exercicios e traballos, tanto individuais como colectivos, e fomentarase a aprendizaxe por proxectos cun enfoque orientado á resolución de problemas, todo iso usando as TICs por parte dos alumnos/as. Este proceso require un certo nivel de intencionalidade e predisposición, na persoa que aprende, para incorporar os novos coñecementos na súa estrutura cognitiva, pero tamén que o docente intente espertar e manter a motivación do alumno/a.

Realizaranse actividades, exercicios e tarefas seguindo os métodos do aprendizaxe cooperativo.

Poderanse empregar para a resolución de certas tarefas estruturas cooperativas simples, complexas e específicas como: sumando ideas, o rompecabezas, números iguais, cadea de preguntas, mapa conceptual a catro bandas, 1-2-4, folio xiratorio, lápices o centro, lectura compartida, o xogo das palabras, reunión de expertos... Outras posibles estratexias metodolóxicas: resolución de exercicios, actividades e tarefas; a memorización comprensiva; a indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.; a elaboración de sínteses; a análise de documentos, gráficos, táboas de datos, etc.; os comentarios de textos, gráficos, etc.; a resolución de problemas; o estudo de casos (proxectos); e as simulacións.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

O profesor proporcionará aos alumnos/as apuntes confeccionados por él ou ella, das distintas unidades impartidas, que se colgarán na aula virtual do instituto coa finalidade aclaratoria ou co fin de ampliar os contidos da aula; así como diversos exercicios. Os apuntes confeccionados están elaborados coa base da web "Econosublime" e coa axuda de diferentes manuais do departamento.

Utilizarase como material didáctico noticias de xornais, revistas relacionados coa materia explicada en clase, debendo facer os alumnos/as comentarios e reflexión sobre os mesmos, co cal será moi importante a participación do alumnado no desenvolvemento da clase.

Utilización das TIC, busca de información e uso aula virtual.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial busca obter información que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, para ter coñecemento do alumnado, faranse unha serie de probas obxectivas a inicio de curso, tamén para avaliar os coñecementos previos da materia por parte dos alumnos e alumnas, probablemente sexan escasos xa que so hai unha materia específica de economía, pois non se oferta neste instituto a materia Educación Financeira.

Nas primeiras sesión de setembro o alumnado realizará unha proas escrita ou oral co contido da materia de economía que servirá de guía para o profesorado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>17</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

#### CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (5 ou superior sobre 10) en cada unha das tres partes.

A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

A nota de cada avaliación será de aplicar a cualificación obtida nos distintos instrumentos asignados aos estándares de aprendizaxe de cada avaliación.

A nota de cada Avaliación en Economía obterase sumando a nota obtida polo alumno/a en cada un dos seguintes apartados:

- Pruebas específicas (70%): Será a media das probas escritas realizadas durante a avaliación. Será necesario obter unha nota mínima de 3 por parcial para poder facer media. Contemplantase en todo momento o 4,5 como redondeo do aprobado. Poderanse substituír parcial ou totalmente o contido das probas escritas por traballos avaliados mediante a rúbrica correspondente.
- Producción dos alumnos/as (30%): Nota da realización dos exercicios, tarefas, actividades, traballos individuais ou cooperativos para facer na clase, na casa, na aula virtual, libreta etc. De non existir a nota da avaliación se obtendrá integramente das probas específicas.

Cabe a posibilidade, no enunciado dos exames e dos traballos de cada avaliación, a especificación da baixada de nota polas faltas de ortografía e mala presentación dos mesmos.

Copiar nos exames ou calquera outra irregularidade no desenvolvemento dos mesmos detectado polo profesor/a conllevará suspender dita avaliación, pudendose repetir exclusivamente nas probas finais de maio ou xuño do curso, según proceda.

Ante un absentismo nas probas, o alumnado deberá avisar con antelación, no caso de coñecemento da falta, ou presentar un xustificante médico o día que se reincorpore. Se alumno/a non procede de esa forma, o profesor da materia poderá repetir a proba calqueira día que asista, sin necesidade de aviso previo

### Criterios de recuperación:

#### RECUPERACIÓN

Haberá unha recuperación por cada avaliación. A recuperación será unha proba escrita dos parciais non superados. Nestas recuperacións teranse en conta, xunto coa proba escrita, as producións realizadas polo alumno ou alumna en cada caso.

#### RECUPERACIÓN GLOBAL

Se a media aritmética das tres avaliacións non é maior que 5 deberá presentarse o global coas avaliacións non superadas. A recuperación da 3ª avaliación poderá ser considerada, por problemas de tempo, como a recuperación global para todos aqueles que teñan sen superar algunha das avaliacións previas.

#### CUALIFICACIÓN ORDINARIA FINAL

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación, sempre que estén superadas.

#### PROBA EXTRAORDINARIA

No caso de non superar a recuperación no exame global, o alumno ou alumna terá que realizar unha proba extraordinaria no mes de xuño. Nesa proba examínase de toda a materia.

Contemplanse tamén a subida de nota nas probas de recuperación, sempre realizando o exame con materia de todo o trimestre, excepto na proba extraordinaria.

Se o finalizar o curso houberse algún alumno/a que tivese como única asignatura suspensa Economía (sen abandono) avalorárase a posibilidade do aprobado para a súa posible promoción,

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede en Economía de 1º Bacharelato

### 6. Medidas de atención á diversidade

Sendo conscentes de que os alumnos que forman o grupo clase son distintos nas súas motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno/a, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente nas cognitivas, o profesor/a deberá atender esas diferenzas. Por iso, seguiranse as seguintes pautas:

- Emprego de metodoloxías didácticas diversas, como recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.

- Proposta de actividades diferenciadas e variadas, que se adaptarán ás motivacións, intereses e necesidades que presenten os alumnos/as. Tratándose de alumnos/as que manifesten algunha dificultade para traballar determinados contidos, axustaranse o grao de complexidade da actividade e os requerimentos da tarefa, ás súas posibilidades, ademais de ter plantexadas actividades de reforzo para estas situacións.

- Materiais didácticos diversos. O emprego de materiais curriculares e recursos didácticos variados permitirá unha mellor adaptación aos diferentes tipos de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos/as. Tamén se poderán secuenciar os recursos materiais segundo o grado de dificultade, utiizando en cada caso aqueles que resposten mellor ás necesidades concretas de cada alumno/a.

- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Na medida en que se promova o traballo en equipo, farase máis doado a interacción entre os alumnos/as. Ademais, ao subdividir o grupo de alumnos/as en grupos homoxéneos, resultará máis sinxelo axectar a axuda pedagóxica ás súas necesidades específicas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8



	UD 9	UD 10

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades organizadas polo centro	O departamento de economía participará nas propostas do equipo directivo e mais concretamente de vicedirección			

### Observacións:

Calquera outra actividade que o departamento acorde no seu momento dada o seu interese.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O profesor/a explica con claridade
O profesor/a é ordenado nas explicacións
É sinxelo tomar apuntes con este profesor/a
O profesor/a mantén un ritmo de exposición dinámico
O profesor/a demostra coas súas explicacións, que preparou as clases
O profesor/a demostra interese sobre a materia que imparte
O profesor/a fai a clase amena e divertida
O profesor/a fala con expresividade e variando o ton de voz
Gustárame recibir clase outra vez con este profesor/a
O profesor/a pode considerarse bo docente
O profesor/a fomenta a participación do grupo
O profesor/a consegue que os estudantes participen activamente en sus clases
O profesor/a resolve as nosas dúbidas
O profesor/a procura saber se entendemos o que explica
O profesor/a manifesta una actitude receptiva e respetuosa co alumnado

Comprendes o método de avaliación
Os enunciados dos exames son claros
A corrección dos exames é adecuada
As probas correspondense co nivel explicado

**Descrición:**

Na avaliación do proceso de ensino terase en conta o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe por parte do alumnado, así como a adquisición das competencias clave. Deste xeito, a avaliación será constante e flexible, de tal xeito que se poderán introducir melloras ou modificacións ao longo do curso.

En canto á práctica docente será avaliada en diferentes momentos, tanto nas reunións de departamento, nas que se fará un control do grao de desenvolvemento da programación por nivel e cursos, nas sesións de avaliación e na memoria de fin de curso. Ademais, a partir da observación, da información contida no diario do profesor o dos resultados obtidos nas enquisas de avaliación docente valorarase a práctica docente a partires dos anteriores indicadores de logro

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O departamento de Economía estableceu unha serie de pautas para a avaliación e seguimento da súa programación. A avaliación da programación require de instrumentos que permitan recoller información sobre o grado de posta en práctica da mesma, o motivo polo cal pudiera xurdir algunha desviación, consecución de obxectivos, interese e participación do alumnado, melloras que se poidan introducir, etc. para poder modificala, de tal xeito que se chegue a optimizar o máximo posible.

Para avaliar a programación:

O departamento de Economía, ao remate de cada avaliación fará un seguemento dos obxectivos marcados, analizando en que medida se cumpriron e adaptaranse os mecanismos correctores no caso de non acadar os obxectivos parciais

**9. Outros apartados**